

## Estadística de edificación e vivenda. Febreiro 2007

### COMUNICADO

### En febreiro de 2007 a variación neta do parque de vivendas acada un elevado crecemento interanual.

**En febreiro de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 46,9% con respecto a febreiro de 2006**

A variación neta do parque de vivendas en febreiro de 2007 foi de 3.595 vivendas, supoñendo un aumento do 46,9% fronte ao rexistrado en febreiro de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 73,8%.

Este forte crecemento de febreiro de 2007 débese ao crecemento das vivendas a crear en nova planta, que presenta unha taxa interanual de 51,9%. As vivendas a crear en rehabilitación, que descenden un 50,7%, e as vivendas a demoler, que crecen un 32,7%, minoran o crecemento do parque de vivendas.

#### Estadística de construción de edificios. Febreiro 2007.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	641	42,3%	63,4%
Variación neta parque de vivendas (número)	3.595	46,9%	73,8%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	3.668	51,9%	82,0%
Vivendas a crear en rehabilitación	69	-50,7%	-55,9%
Vivendas a demoler	142	32,7%	38,5%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	641	42,3%	59,7%
Vivendas a crear en nova planta	3.668	51,9%	78,1%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios


**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 42,3% en febreiro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En febreiro de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 42,3%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual do

42,8%, como na non residencial que mostra un aumento interanual do 32,0%. Corrixida de efecto calendario a superficie total tamén aumenta un 42,3%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 63,4% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos dous primeiros meses de 2007 é dun 59,7%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>